



**Trámite: certificación do acordo.**

Raimundo González Carballo, Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra.

**Certifico:** que a Xunta de Goberno Local do Concello de Pontevedra, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar o día 15.06.2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

**3.- DELEGACIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE PONTEVEDRA NOS/AS CONCELEIROS/AS E DIRECTORES XERAIS**

O artigo 127 da Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local establece a posibilidade de que a Xunta de Goberno Local delegue nos membros aos que fai referencia no seu apartado segundo. Efectuada a modificación de áreas e delegacións pola Alcaldía compre que pola Xunta de Goberno Local se adopten modificacións necesarias no tocante a delegación nos concelleiro de goberno que lle son propias. Así mesmo, o Regulamento Orgánico do Goberno e da Administración do Concello de Pontevedra prevé esa posibilidade no seu artigo 22.

Polo tanto a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Delegar nos seguintes concelleiros e directores xerais, as seguintes competencias:

1) En Anabel Gulias Torreiro

- A iniciación dos expedientes de contratacións e concesións, salvo en materia de patrimonio municipal.
- A adxudicación dos contratos.
- A sinatura de tódolos contratos e concesións administrativas, previa autorización e disposición do gasto.
- As contratacións en todos os seus trámites relativas ao subministro da enerxía eléctrica.
- A aprobación dos proxectos de obra e, de seren necesario, a realización de requirimentos aos adxudicatarios para a formalización dos contratos
- A aprobación das certificacións finais de obra así como das actas de recepción e de conformidade.
- A aprobación dos plans de devolución de acopios
- A autorización para a contratación de colaboradores coa Dirección Facultativa, nos contratos de obras concluídos polo Concello e para aqueles casos nos que a propia Dirección o solicite, en atención á magnitude ou características específicas da obra (art. 51 e DF3ª do TRLCSP).
- A competencia como órgano de contratación respecto aos contratos de servizo de interpretación artística
- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que se tramiten ao abeiro da normativa reguladora da tenencia de animais potencialmente perigosos
- O outorgamento, denegación e modificación de licenzas en materia de



tenencia de animais potencialmente perigosos.

## 2) En Eva María Villaverde Pego

- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores relacionados coas actividades, establecementos ou industrias sometidos a calquera tipo de licenza municipal de apertura.
- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que se tramiten ao abeiro da normativa medioambiental, competencia do Concello.
- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que se tramiten ao abeiro da normativa reguladora das actividades anteriores, competencia do Concello.
- A concesión, denegación ou modificación das autorizacións precisas para a ocupación das vías públicas, como pasaxes permanentes, veladores, casetas, e demais que teñan a consideración de ocupacións privativas destas vías que se efectúen con instalacións desmontábeis ou bens mobles, e cuxa duración, excepto as pasaxes permanentes, non exceda de 4 anos.

## 3) En Demetrio Gómez Xunqueira

A concesión, denegación e modificación das licenzas relativas aos auto taxis e transportes en xeral, así como a emisión dos informes nestas materias para o outorgamento das oportunas autorizacións por outras Administracións.

## 4) En María Carmen da Silva Méndez

- A iniciación dos expedientes de contratacións, adquisicións e alleamentos dentro do ámbito do patrimonio municipal.
- As autorizacións e posta a disposición de bens municipais e cesións de uso ata un ano.
- A competencia como órgano de contratación respecto aos contratos de arrendamento de bens inmoebles.

## 5) En Raimundo González Carballo

- Os contratos menores en tódalas súas fases.
- O desenvolvemento da xestión económica, a autorización e disposición de gastos que sexan competencia da Xunta de Goberno Local, salvo aqueles expedientes cuxa autorización e disposición de gasto se realice simultaneamente na Xunta de Goberno Local ao aprobar o asunto.

## 6) En María del Carmen Fouces Díaz

- A xestión do persoal.
- As decisións de persoal que non lle correspondan a outro órgano e sexan susceptibles de delegación de conformidade co artigo 127.1.h) e 127.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, excepto as bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo, o despedido disciplinario do persoal laboral do Concello de Pontevedra e o réxime disciplinario.
- O inicio dos expedientes e o acto de outorgamento de concesións demaniais de nichos, columbarios e demais unidades de enterramento dos cemiterios





municipais.

7) En Xaquín Moreda González

- A emisión dos informes municipais previos á cualificación das actividades clasificadas polo órgano competente da Comunidade Autónoma.
- Acordar a conformidade ou non do declarado co preceptuado na Ordenanza reguladora da actividade de furanchos e loureiros no Concello de Pontevedra (BOP núm 78 de 23 de abril de 2013) e demais normativa de aplicación.
- Aprobar o modelo de distintivo anual e expedir as renovacións anuais do distintivo Furanchos de Pontevedra
- A tramitación e resolución dos procedementos de solicitude de licenzas urbanísticas de obras ou instalacións que teñan a consideración de "menores" consonte co disposto na lexislación urbanística aplicable
- A tramitación e resolución dos procedementos de solicitude de licenzas de apertura de establecementos para o desenvolvemento de actividades non cualificadas ambientalmente nin constitutivas de espectáculos públicos e actividades recreativas
- A autorización de ocupación de espazos públicos municipais necesarios para a execución de obras suxeitas a comunicación previa urbanística e licenza urbanística de obras.

8) En María Gloria Blanco Rial

- A concesión, denegación e modificación das licenzas ou autorizacións legalmente procedentes para o exercicio da actividade de venda ambulante, nas súas distintas modalidades.
- A resolución dos expedientes de reposición da legalidade e sancionadores que se tramiten ao abeiro da normativa reguladora da venda ambulante.

9) No director xeral da Área de urbanismo e servizos xerais:

As competencias en materia de aprobación de plans de seguridade e saúde e plans de xestión de residuos sólidos de obra nas obras que se contraten polo Concello de Pontevedra.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por este acordo, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas de conformidade coa lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.

Terceiro.- Os concelleiros e directores xerais que ostenten algunha delegación, non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle confire a Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- Delegar no concelleiro Raimundo González Carballo, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade da concelleira Anabel Gulías Torreiro, as competencias delegadas a esta por acordo deste órgano

Quinto.- Delegar na concelleira Anabel Gulías Torreiro, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade da concelleira Eva María Villaverde Pego, as competencias delegadas a esta por acordo deste órgano

Sexto.- Delegar na concelleira Anabel Gulías Torreiro, nos supostos de vacante, ausencia ou enfermidade do director xeral da Área de urbanismo e servizos xerais as



competencias delegadas a este por acordo deste órgano

Sétimo.- Os actos ditados polos concelleiros delegados e directores xerais, no exercicio das atribucións delegadas, enténdense ditados pola Xunta de Goberno Local, segundo corresponda á delegación, atribuíndose expresamente aos concelleiros delegados e directores xerais a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados.

Oitavo.- As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros e directores xerais, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non hai expresa manifestación rexeitando a delegación.

Noveno.- A iniciación dos procedementos sancionadores por infraccións ás normas urbanísticas, medio ambientais, de seguridade cidadá, ordenanzas e similares que son competencia da Xunta de Goberno Local, efectuarase pola Xunta de Goberno Local, e a imposición das sancións que correspondan, polo concelleiro/a que teña atribuída a competencia en materia de urbanismo.

A instrución dos procedementos sancionadores en materia de urbanismo, medio ambiente e seguridade cidadá competencia da Xunta de Goberno Local e o traslado destes actos, a partires do día seguinte a data deste acordo, corresponderalle ao xefe/a do Servizo ou ao técnico/a de administración xeral do Servizo de disciplina Urbanística, medio ambiental e policía administrativa, actuando como secretario dos expedientes un funcionario do Servizo. O instrutor e o secretario serán nomeados no acordo de iniciación do procedemento pola Xunta de Goberno Local.

Os recursos de reposición contra as sancións impostas resolveranse polo Concelleiro responsable da área de Urbanismo.

Décimo.- Notifíquese o presente acordo, persoalmente, ós señores Concelleiros interesados, dese conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación.

E para que conste, coa salvidade á que se refire o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación de orde e co visto e praxe da Alcaldía na data que consta na sinatura electrónica.

